

A ruta do Románico Padronés

3



O Mosteiro Franciscano de Herbón

Fundado en 1396 por Fr. Gonzalo Mariño e Fr. Pedro de Nemancos, grazas as doazóns de Fernando Bermúdez de Castro e os coengos de Iria Flavia.

Etapas:

- Fundación 1396–1700. Destaca a figura do frade Juan Rodríguez del Padrón.
- De 1701–1835 foi colexio de misioneiros que exercerán en: Chile, México, Perú e Venezuela.
- No 1808 foi saqueado polas tropas francesas.
- No 1809, converteuse en cárcere para os liberais.
- Foi Desamortizado por Mendizábal en 1836.
- Entre 1845–1865 adminístrao o Concello de Padrón.
- De 1865–1884 foi Seminario Menor rexido polo arcebispado de Santiago.
- De 1931–1995, foi Convento Colexio, entrando en decadencia vocacional a partires de entón.

Sobresae o seu claustro, a dependencia do Arcebispo, a fonte de San Benito (aínda que en realidade é San Francisco) botando auga polo peito é de tradición no folclore galego, así como o fermoso retablo obra de Jacinto de Barrios (1708) e con obras de Benito Collazo, José Gambino, Jose Ferreiro (escultores do século XVIII) e Puente (s. XX).

Desenho: Sirodo Salazar • Imágenes: La Biblioteca (Santiago)



Concello de Padrón
Concellería de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

Ayuntamiento de Padrón: Rúa Longa, 27 • 15.900 Padrón (A Coruña)
Teléfono: 981 810 451 / 981 810 400 • www.concellodepadron.org

rotas
O PADRÓN



O Camiño do Románico



Igrexa románica de Santa María de Herbón, construída polo Bispo Xelmírez na segunda metade do século XII, tal como consta no capitel esquerdo do ábsida da igrexa. Destaca pola súa altura. Santa María ten unha soa nave, grosos contrafortes, espadana de dobre van e decoración típica do románico compostelán: capiteis coríntios, arquivoltas peraltadas sostidas por xambas, decoración axadrezada, xeométrica a base de bolas, arcos lobulados. Figuras alegóricas no aleiro sur, figuras de carneiro, touro e nas ventás falcóns, corifeos e flor de lis.



As pesqueiras da lamprea, pertencentes á época romana, aínda seguen a conservar as vellas artes de pesca. Explotouna o Cabido de Iria ata o século XX, na actualidade pertencen a veciños do lugar. Constitúe unha fonte complementaria de ingresos dende febreiro a maio, período hábil, permitíndose a pesca dende as 20 h. da tarde ata as 8 da mañá, descansando sábados e domingos. As pesqueiras mellor conservadas son as de: Areas, Vellas, O Canal, O Plateado, A Trapa e Coqueiro.



O cultivo do pemento baixo plástico e ao aire libre constitúe unha fonte importante de ingresos, é un produto que da proxección xeográfica á parroquia e á propia Vila.

